

## **Modelo orientativo de estatutos de SOFOR**

### **Modelo orientativo de estatutos sociais ao efecto de obtención da cualificación de Sociedade de Fomento Forestal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Denominación, obxecto, domicilio e duración**

###### *Artigo 1º.- Denominación*

A sociedade denomínase "\_\_\_\_\_, SOCIEDADE LIMITADA". Rexerase polos presentes estatutos, e polas disposicións legais vixentes en canto fosen aplicables, ben como principais, ben como supletorias.

Cando os presentes estatutos se refiran o Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, entenderase xenericamente por TRLS.

###### *Artigo 2º.- Domicilio*

O domicilio social fíxase en \_\_\_\_\_.

O Órgano de Administración será competente para trasladar o domicilio social dentro do mesmo termo municipal.

###### *Artigo 3º.- Obxecto social*

Constitúe o obxecto da sociedade a explotación e aproveitamento en común dos terreos forestais dos cales o uso das parcelas foi cedido á sociedade, mediante unha xestión sustentable e viable dos mesmos, concretada nos aproveitamentos forestais definidos no artigo 6 da vixente Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes: os madeireiros e leñosos, incluída a biomasa forestal, os de cortiza, pastos, caza, froitos, fungos, plantas aromáticas e medicinais, produtos apícolas e os demais produtos e servizos con valor de mercado característicos dos montes.

*Artigo 4º.- Duración e inicio das operacións*

A sociedade constitúese por tempo indefinido, dando inicio as súas operacións o día do outorgamento da escritura pública de constitución.

## **CAPÍTULO II**

### **Capital social e participacións sociais**

*Artigo 5º.- Capital social*

O capital social, integramente subscrito e desembolsado, fíxase na cantidade de \_\_\_\_\_ euros, e divídese en \_\_\_\_\_ participacións sociais de \_\_\_ euros de valor nominal cada unha delas, numeradas correlativamente do número 1 ao \_\_\_, ambos inclusive.

**OU NO SEU CASO:**

O capital social, integramente subscrito e desembolsado, fíxase na cantidade de \_\_\_\_\_ euros, e representácese polas seguintes participacións sociais agrupadas en dúas clases: Clase forestal e clase xeral:

- A clase forestal que identifica aquelas propiedades das persoas socias que cederon os seus dereitos de uso de parcelas forestais á sociedade, está integrada por \_\_\_\_\_ participacións sociais de \_\_\_\_\_ euros de valor nominal cada unha delas, numeradas correlativamente do número \_\_\_ ao \_\_\_, ambos inclusive.
- A clase xeral que identifica ao resto das persoas socias, está integrada por \_\_\_\_\_ participacións sociais de \_\_\_\_\_ euros de valor nominal cada unha delas, numeradas correlativamente do número \_\_\_ ao \_\_\_, ambos inclusive.

*Artigo 6º.- Participacións sociais*

As participacións sociais non se representarán en ningún caso por títulos especiais, nominativos ou ao portador, nin se expedirán tampouco resgardos provisionais acreditativos dunha ou varias participacións sociais. A escritura de constitución representa o único título de propiedade das participacións e, nos demais casos de modificación do capital social ou transmisións inter vivos ou mortis causa, serán título de propiedade os documentos públicos que se outorguen con motivo de tales modificacións ou transmisións. As certificacións do Libro Rexistro de Socios/as en ningún caso substituirán ao título de adquisición.

As participacións atribúen as persoas socias os mesmos dereitos. **OU NO SEU CASO:**

As participacións atribúen as persoas socias os mesmos dereitos, a excepción dos seguintes:

- a) Dereitos de voto: Para calquera tipo de acordo que deba someterse á Xunta Xeral, os dereitos de voto atribuídos ás participacións sociais serán os seguintes:
  - Participacións sociais número 1 a \_\_\_\_: \_\_\_\_ votos.
  - Participacións sociais número \_\_\_\_ a \_\_\_\_: \_\_\_\_ votos.
  - Participacións sociais número \_\_\_\_ a \_\_\_\_: \_\_\_\_ votos.
  - ...
- b) Dereito a dividendos: En caso de aprobación por parte da Xunta Xeral de reparto de dividendos, as participacións sociais terán os seguintes dereitos sobre os mesmos:
  - Participacións sociais número 1 a \_\_\_\_: \_\_% do total.
  - Participacións sociais número \_\_\_\_ a \_\_\_\_: \_\_% do total.
  - ...

**No SEU CASO:**

  - Participacións sociais número \_\_\_\_ a \_\_\_\_: Un importe calculado mediante a aplicación dun tipo de xuro equivalente ao \_\_\_\_\_ máis unha taxa do \_\_% sobre o seu valor nominal. O importe así calculado detraeráse do dividendo total repartible á hora de aplicar a participación porcentual correspondente ás participacións sociais número \_\_ a \_\_.
- c) A realización das prestacións accesorias detalladas no artigo 7º.

#### *Artigo 7º.- Prestacións accesorias (NO SEU CASO)*

Vincúlase ás participacións sociais que de seguido se relacionan á obriga de realizar polo titular ou titulares das mesmas, por un prazo de vinte e cinco anos, a prestación accesorias consistente en ceder á sociedade os dereitos de uso e explotación das fincas que se detallan:

- Participacións sociais número \_\_\_\_ a \_\_\_\_, subscritas por D.\_\_\_\_\_: Cesión de dereitos de uso e explotación, por un prazo de vinte e cinco anos das fincas seguintes: \_\_\_\_ Descrición detallada de datos identificativos e superficie \_\_\_\_.
- Participacións sociais número \_\_\_\_ a \_\_\_\_, subscritas por D.\_\_\_\_\_: Cesión de dereitos de uso e explotación, por un prazo de vinte e cinco anos das fincas seguintes: \_\_\_\_ Descrición detallada de datos identificativos e superficie \_\_\_\_.

■ ....

As prestacións accesorias relacionadas teñen carácter retribuído, estipulándose a súa contía, que non poderá exceder en ningún caso do valor que corresponda á mesma, do seguinte modo:

Por exemplo, unha retribución económica a percibir en función dos aproveitamentos forestais obtidos nas parcelas da súa propiedade; unha cota de participación nos beneficios da sociedade, a recibir vía dividendos, en función dos resultados económicos anuais da sociedade; unha renda fixa anual; ou calquera outro acordo pactado entre os socios/as.

Na dita retribución reconécese implicitamente o dereito económico das persoas socias sobre o valor forestal en voo existente no momento do establecemento da prestación accesorias.

O incumprimento da obriga de realizar a prestación accesorias asumida pola persoa socia, aínda cando o mesmo sexa por imprudencia do socio/a, dará lugar á súa exclusión da sociedade, sen prexuízo de que se o incumprimento fose imputable ao socio/a, este satisfaga á sociedade, en concepto de pena convencional, un importe de \_\_\_\_\_.

#### *Artigo 8º.- Usufruto de participacións sociais*

En caso de usufruto de participacións a calidade da persoa socia reside no propietario, pero o usufrutuario terá dereito en todo caso aos dividendos acordados pola sociedade durante o usufruto. O exercicio dos demais dereitos do socio/a corresponderá a \_\_\_\_\_.

#### *Artigo 9º.- Comunidade de participacións sociais*

Sempre que unha participación social pertenza pro indiviso a varias persoas, estas deberán designar á que vaia exercer os dereitos inherentes a esta participación e responderán solidariamente fronte á sociedade de cantas obrigas se deriven desta condición.

A mesma regra aplicarase aos demais supostos de cotitularidade de dereitos sobre as participacións.

#### *Artigo 10º.- Transmisión de participacións sociais*

A) Transmisión voluntaria por actos inter-vivos.

É libre a transmisión voluntaria de participacións sociais por actos inter-vivos cando teña lugar entre persoas socias. Tamén serán libres as transmisións realizadas por un socio/a a favor do seu cónxuxe, ascendente, descendente ou, no seu caso, a realizada a favor de sociedades pertencentes ao mesmo grupo que a transmitinte, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Á marxe do suposto do parágrafo anterior, a transmisión voluntaria de participacións sociais por actos «inter vivos» rexérase polas seguintes regras:

1. A persoa socia que se propoña transmitir a súa participación ou participacións sociais, deberá comunicalo por escrito ao Órgano de Administración, facendo constar o número e as características das participacións que pretende transmitir, a identidade do adquirente, o prezo e demais condicións da transmisión.
2. A transmisión quedará sometida ao consentimento da sociedade, que se expresará mediante acordo da Xunta Xeral, logo da inclusión do asunto na orde do día, adoptado pola maioría ordinaria establecida polo TRLSC.
3. A sociedade só poderá denegar o consentimento se comunica ao transmitinte, polo conduto notarial, a identidade dunha ou varias persoas socias ou terceiras que adquiran a totalidade das participacións. Non será necesaria ningunha comunicación ao transmitinte se concorre á Xunta Xeral onde se adoptaron os ditos acordos.
4. As persoas socias concorrentes á Xunta Xeral terán preferencia para a adquisición. Ante calquera transmisión de participacións da clase forestal, terán dereito de adquisición preferente, en primeiro lugar, as persoas socias titulares de participacións de dita clase. Se son varias as persoas concorrentes interesadas en adquirir, distribuiranse as participacións entre todas elas a pro rata da súa participación no capital social.
5. Para o exercicio do dereito de adquisición preferente, o prezo de adquisición das participacións, en caso de desacordo entre transmitinte e adquirente ou adquirentes no seu caso, será o valor razoable das participacións no momento de recepción pola Sociedade da comunicación do partícipe vendedor. O dito valor razoable será determinado polo seguinte sistema: \_\_\_\_\_.
6. Se o pagamento da totalidade ou de parte do prezo estivera aprazado no proxecto de transmisión, para a adquisición

das participacións será requisito previo que unha entidade de crédito garanta o pagamento do prezo aprazado.

7. Nos casos en que a transmisión proxectada fose a título oneroso distinto da compravenda ou a título gratuito, o prezo de adquisición será o fixado conforme ao procedemento previsto no artigo 107 2.d) do TRLSC.
8. O documento público de transmisión deberá outorgarse no prazo dun mes a contar desde a comunicación pola sociedade da identidade do adquirente ou adquirentes.
9. A persoa socia poderá transmitir as participacións nas condicións comunicadas á sociedade, cando transcorran tres meses desde que tivese posto no seu coñecemento o seu propósito de transmitir sen que a sociedade lle comunicara a identidade do adquirente ou adquirentes.

#### B) Transmisión forzosa

En caso de transmisión forzosa de participacións sociais as persoas socias da mesma clase e, no seu defecto, a Sociedade poderán exercitar o dereito de adquisición preferente de tales participacións nos termos previstos no artigo 109 do TRLSC.

#### C) Transmisións mortis-causa

A adquisición dalgunha participación social por sucesión hereditaria confire á parte herdeira ou legataria a condición de socia, se ben deberá comunicarse á Sociedade a adquisición hereditaria.

As persoas socias sobreviventes terán dereito de adquisición das participacións da persoa falecida, se a parte herdeira ou legataria non fose socia da compañía, ou cónxuxe, descendente, ou ascendente da falecida. O exercicio de este dereito se axustará ao disposto no artigo 110.2 do TRLSC, e a valoración das mesmas, rexerá polo disposto no artigo 353 do TRLSC.

**NO SEU CASO:** Non obstante ao disposto no parágrafo anterior, se establece a favor dos socios/as sobreviventes un dereito de adquisición das participacións da persoa socia falecida, apreciadas no valor real que tiveran o día do falecemento, cuxo prezo se pagará ao contado. A valoración rexerá polo disposto no artigo 353 do TRLSC e o dereito de adquisición deberá de exercitarse no prazo máximo de tres meses a contar desde a comunicación á sociedade da adquisición hereditaria.

#### D) Transmisións de participacións sociais vinculadas á realización de prestacións accesorias

Non obstante ao establecido no apartado precedente, aplicaranse á transmisión de participacións sociais que leven vinculada a obriga de realizar prestacións accesorias a favor da sociedade, as seguintes regras:

- Será necesaria a autorización da Sociedade para a transmisión voluntaria por actos inter vivos de calquera participación que leve vinculada a obriga de realizar prestacións accesorias. A autorización será competencia da Xunta Xeral da Sociedade. Á persoa socia que lle fora denegada a autorización, unicamente poderá separarse da sociedade se houbese transcorrido o prazo durante o que a titularidade das participacións lle obrigan a realizar as prestacións accesorias.
- No caso de transmisión forzosa de participacións sociais que leven vinculada a obriga de realizar prestacións accesorias a favor da sociedade, a sociedade terá a facultade preferente de decidir a adquisición das participacións sociais, previo acordo de redución do capital social, para á súa inmediata amortización.

O réxime da transmisión das participacións sociais será o vixente á data en que a persoa socia tivera comunicado á sociedade o seu propósito de transmitir ou, no seu caso, na data de falecemento do socio/a, ou no da adxudicación xudicial ou administrativa.

As transmisións de participacións que non se axusten ao disposto no TRLSC ou nos presentes estatutos non producirán efecto algún fronte á Sociedade.

#### *Artigo 11º.- Libro Rexistro de Socios/as*

A sociedade levará un Libro Rexistro de Socios/as, no que se fará constar a orixinaria e as sucesivas transmisións voluntarias ou forzosas das participacións sociais, así como a constitución de dereitos reais e outros gravames sobre as mesmas. En cada anotación indicárase a identidade e domicilio do titular da participación ou do dereito ou gravame constituído sobre aquela.

No Libro Rexistro de Socios/as, distinguirase entre dúas clases de participacións sociais: Aquelas subscritas polas persoas socias que cedesen por calquera medio dereitos de uso de parcelas forestais á

sociedade, que serán identificadas como «clase forestal» e aquelas subscritas polo resto que serán identificadas como «clase xeral».

A sociedade só poderá rectificar o contido do Libro Rexistro se os interesados non se tiveran oposto á rectificación no prazo dun mes desde a notificación fidedigna do propósito de proceder á mesma.

Os datos persoais das persoas socias poderán modificarse a instancia súa, non producindo, entremetres queden reflectidos no dito Libro, efectos fronte á Sociedade.

Calquera socio/a poderá examinar o Libro Rexistro que estará baixo o coidado e responsabilidade dos administradores/as da sociedade.

A persoa socia e os titulares de dereitos reais ou de gravames sobre as participacións, teñen dereito a obter unha certificación das participacións, dereitos ou gravames rexistrados ao seu nome.

#### *Artigo 12º.- Das ampliacións de capital por interese de non socios/as*

No caso de que calquera persoa física ou xurídica, que non ostente a condición de socia, manifeste o seu interese por acceder á Sociedade, operarase do seguinte modo:

1. Comunicación formal e explícita do interese ao Órgano de Administración, así como da porcentaxe del capital social que estaría interesado en subscribir.
2. Determinación por parte do Órgano de Administración do interese para a Sociedade da proposta recibida.
3. En caso de que a proposta se considerase interesante para a Sociedade, o Órgano de Administración procederá a determinar o valor real da Sociedade, e como consecuencia, o importe do desembolso necesario para alcanzar a dita porcentaxe do capital social, así como no seu caso, da prima de emisión que puidese resultar necesaria. Dito cálculo realizarase mediante a aplicación do seguinte método obxectivo: \_\_\_Por exemplo: a aplicación do método de cálculo do “valor en uso”, tal e como ven definido polo Plan Xeral de Contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro\_\_\_\_.
4. Comunicación formal e explícita por parte do interesado ao Órgano de Administración, da conformidade co importe a desembolsar.
5. Convocatoria por parte do Órgano de Administración, nun prazo de dous meses desde a aceptación do interesado exposta no parágrafo anterior, de Xunta Xeral Extraordinaria, con proposta de ampliación de capital, e



recoñecemento do dereito de subscrición preferente para as persoas socias, en función da súa porcentaxe de participación no capital social.

#### 6. Decisión en Xunta Xeral.

Non obstante o exposto nos parágrafos anteriores, no caso de que as persoas socias interesadas en acceder á sociedade, sexan titulares de dereitos de uso de parcelas forestais limítrofes ao perímetro da superficie xestionada en común pola sociedade, e estean dispostas á cesión dos mesmos á sociedade, presupóñerase o interese para a Sociedade, sen que o mesmo necesite ser avaliado polo Órgano de Administración. Así mesmo, neste caso, o Órgano de Administración propoñerá á Xunta Xeral a supresión do dereito de subscrición preferente, cumprindo as disposicións do artigo 308 do TRLSC.

### **CAPÍTULO III**

#### **Órganos da sociedade**

##### **Sección 1ª: Da Xunta Xeral**

###### *Artigo 13º.- Disposicións xerais*

A vontade das persoas socias, expresada pola maioría, rexerá a vida da Sociedade. A maioría haberá de formarse necesariamente na Xunta Xeral.

Cada participación social, confire ao seu titular, o dereito a emitir un voto. **OU NO SEU CASO:** Cada participación social, confire ao seu titular, o dereito a emitir un voto, a excepción dos casos expostos no artigo 6º destes estatutos sociais.

Todas as persoas socias, incluso as disidentes e as que non participasen na reunión, quedan sometidas aos acordos da Xunta Xeral, sen prexuízo dos dereitos e accións que o TRLSC lles recoñece.

###### *Artigo 14º.- Competencia da Xunta Xeral*

É competencia da Xunta Xeral deliberar e acordar sobre os seguintes asuntos:

- a) A censura da xestión social, a aprobación das Contas Anuais e a aplicación do resultado.

- b) O nomeamento e separación dos administradores, liquidadores, e no seu caso, dos auditores de contas, así como o exercicio da acción social de responsabilidade contra calquera deles.
- c) A autorización aos administradores/as para o exercicio, por conta propia e allea, do mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitúe o obxecto social.
- d) A modificación dos estatutos sociais.
- e) O aumento e a redución do capital.
- f) A transformación, fusión e escisión da sociedade.
- g) A disolución da sociedade.
- h) Calquera outros acordos que expresamente reserven o TRLSC ou os presentes estatutos á súa competencia.

*Artigo 15º.- Adopción de acordos*

Salvo que polo TRLSC ou por estes estatutos se dispoña outra cousa, os acordos adoptaranse pola maioría dos votos validamente emitidos, sempre que representen, polo menos, un terzo dos votos correspondentes ás participacións sociais en que estea dividido o capital social. Para estes efectos non se computarán os votos en branco.

Por excepción ao disposto no parágrafo anterior:

- a) O aumento ou redución do capital social, e calquera outra modificación dos estatutos sociais para a que non se esixa maioría cualificada, e a opción por calquera das formas de administración fixada nos estatutos, requirirá o voto favorable de máis da metade dos votos correspondentes ás participacións en que se divide o capital social.
- b) A transformación, fusión ou escisión da sociedade, a supresión do dereito de preferencia nos aumentos de capital social, a exclusión das persoas socias e a autorización para que os administradores/as poidan dedicarse por conta propia ou allea ao mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitúaa o obxecto social, requirirá o voto favorable de, polo menos, dos terzos dos votos correspondentes ás participacións en que se divide o capital social.
- c) O acordo de disolución da sociedade e o acordo de solicitude de baixa no Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal da Xunta de Galicia, que no seu caso obtivese a sociedade ao abeiro do disposto polo Decreto 45/2011, do 10 de marzo (DOG nº 58, do 23 de marzo de 2011), requirirán o voto favorable de, polo menos, o 85% dos votos correspondentes ás participacións en que se divide o capital social.

Todo iso, sen prexuízo dos supostos nos que o TRLSC esixa o consentimento de todos os socios/as.

#### *Artigo 16º.- Conflito de intereses*

A persoa socia non poderá exercer o dereito de voto correspondente as súas participacións cando se trate de adoptar un acordo que a autorice a transmitir participacións das que sexa titular, que a exclúa da sociedade, que a libere dunha obriga ou lle conceda un dereito, ou polo que a sociedade decida anticiparlle fondos, concederlle créditos ou préstamos, prestar garantías no seu favor ou facilitarlle asistencia financeira, así como cando, sendo administradora, o acordo se refira á dispensa da prohibición de competencia ou ao establecemento coa sociedade dunha relación de prestación de calquera tipo de obras ou servizos.

Nestas situacións, as participacións da persoa socia incurso na situación de conflito de intereses deduciranse do capital social para o cómputo da maioría de votos que, en cada caso, sexa necesaria.

#### *Artigo 17º.- Convocatoria*

A Xunta Xeral será convocada polo Órgano de Administración e, no seu caso, polos liquidadores da sociedade, sen prexuízo dos supostos especiais previstos no artigo 45 da Lei.

O Órgano de Administración convocará a Xunta Xeral para a súa celebración dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio co fin de censurar a xestión social, aprobar, se é o caso, as contas do exercicio anterior e resolver sobre a aplicación do resultado.

O Órgano de Administración convocará así mesmo a Xunta Xeral sempre que o considere necesario ou conveniente e, en todo caso, cando o soliciten unha ou varias persoas socias que representen, polo menos, o cinco por cento do capital social, expresando na solicitude os asuntos a tratar na Xunta. Neste caso, a Xunta Xeral deberá ser convocada para a súa celebración dentro do mes seguinte á data en que se tivese requirido notarialmente ao Órgano de Administración para convocala, debendo incluírse necesariamente na orde do día os asuntos que tivesen sido obxecto da solicitude.

A Xunta Xeral será convocada polo Órgano de Administración por carta certificada con acuse de recibo, remitida ao domicilio designado polo socio/a para o efecto ou ao que conste no Libro

Rexistro de Socios/as. No caso de persoas socias que residan no estranxeiro, só serán individualmente convocadas se tivesen designado un lugar do territorio nacional para notificacións.

Entre a convocatoria e a data prevista para a celebración da reunión deberá existir un prazo de, polo menos, quince días. Este prazo computarase a partir da data en que tivese sido remitido o anuncio ao último socio/a.

En todo caso, a convocatoria expresará o nome da sociedade, a data e hora da reunión, así como a orde do día, na que figurarán os asuntos a tratar. Así mesmo, figurará o nome da persoa ou persoas que realicen a comunicación.

#### *Artigo 18º.- Xunta universal*

No obstante ao disposto no artigo anterior, a Xunta Xeral entenderase convocada e quedará validamente constituída, con carácter de universal, para tratar calquera asunto, sempre que estea presente todo o capital social e os asistentes acepten por unanimidade a celebración da Xunta e a orde do día da reunión.

#### *Artigo 19º.- Lugar de celebración*

A Xunta Xeral celebrarase no termo municipal onde a sociedade teña o seu domicilio. Se na convocatoria non figurase o lugar de celebración, entenderase que a Xunta foi convocada para a súa celebración no domicilio social.

#### *Artigo 20º.- Asistencia e representación*

Todas as persoas socias teñen dereito a asistir á Xunta Xeral.

Toda persoa socia poderá facerse representar na Xunta por outra persoa, aínda que esta non sexa socia.

A representación deberá conferirse por escrito e, cando non conste en documento público, deberá realizarse con carácter especial para cada Xunta.

A representación comprenderá a totalidade de participacións das que sexa titular a persoa socia representada.

A representación é sempre revogable. A asistencia persoal do representado á Xunta terá valor de revogación.

#### *Artigo 21º.- Mesa da Xunta*

O presidente/a e o secretario/a da Xunta Xeral serán os do Consello de Administración e, no seu defecto, os designados, ao comezo da reunión, polos socios/as concorrentes.

Antes de entrar na orde do día, formarase a lista de asistentes expresando o carácter e representación de cada un e a parte de capital correspondente á súa participación. Se a Xunta é Universal deberán asinar as persoas socias asistentes.

O presidente/a da Xunta dirixirá as deliberacións, concedendo a palabra primeiro ao que a solicitara por escrito e despois aos que o pidan verbalmente na reunión, e sempre por rigorosa orden de petición dentro desta orde de preferencia. Tras as intervencións das persoas socias que tivesen feito uso da palabra, o presidente/a decidirá se o asunto se encontra suficientemente debatido e abrirá a fase de votación.

Cada un dos puntos da orde do día será obxecto de votación por separado.

#### *Artigo 22º.- Acta da Xunta*

Todos os acordos sociais, deberán constar na acta. A acta da Xunta Xeral incluirá necesariamente a lista de asistentes e deberá ser aprobada pola propia Xunta á seu remate e, no seu defecto, dentro do prazo de quince días, polo presidente/a e dúas persoas socias interventoras, unha en representación da maioría e outra pola minoría, todo iso sen prexuízo do disposto no TRLSC para a acta notarial.

### **Sección 2ª: Do Órgano de Administración**

#### *Artigo 23º.- Administración e representación da Sociedade*

A sociedade será rexida e administrada por un Consello de Administración, composto por un número impar de persoas conselleiras, que fixará a Xunta Xeral, entre un mínimo de tres e un máximo de sete.

O poder de representación corresponde ao propio Consello, que actuará colexiadamente.

O Consello de Administración elixirá de entre os seus membros un presidente/a e un secretario/a. Tamén poderá nomear, de entre ditos membros un vicepresidente/a e un vicesecretario/a.

O Consello de Administración deberá ser convocado cando o considere conveniente o presidente/a ou quen faga as súas veces (ou o substitúa) ou llo pida polo menos a terceira parte dos conselleiros/as. En todo caso, o Consello de Administración deberá de reunirse como mínimo \_\_ veces ao ano.

A convocatoria será efectuada polo presidente/a ou polo que faga as súas veces (o substitúa). A convocatoria poderá realizarse por correo certificado con acuse de recibo ou mediante telegrama e cunha antelación de tres días, como mínimo, á data da reunión. A presenza das persoas conselleiras na reunión emenda calquera defecto de notificación da convocatoria.

O Consello quedará validamente constituído cando concorran á reunión, presentes ou representados, a metade máis un dos seus compoñentes. Calquera persoa conselleira pode conferir a súa representación a outro conselleiro/a, con carácter especial para cada reunión previamente convocada, mediante poder notarial, ou escrito asinado por el.

Na reunión actuarán de presidente/a e de secretario/a os titulares dos ditos cargos no Consello ou, no seu caso, os que o substitúan conforme aos estatutos e á Lei.

O presidente/a do Consello dirixirá as deliberacións, concedendo a palabra as persoas conselleiras por rigorosa orde de petición. Cada un dos puntos da orde do día será obxecto de votación por separado. Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos conselleiros/as concorrentes á sesión.

O Consello poderá delegar todas ou parte das súas facultades que sexan delegables conforme ó TRLSC, determinando se son varios a forma en que deben de actuar, en unha ou varias persoas conselleiras. Será preciso que o acordo se tome co voto favorable de, polo menos, os dous terzos dos compoñentes do Consello.

Os acordos do Consello faranse constar no seu Libro de Actas conforme á lexislación vixente.

#### *Artigo 24º.- Nomeamento*

Para ser membro do Órgano de Administración non será necesario posuír a condición de persoa socia, podendo selo tanto persoas físicas como xurídicas.

**NO SEU CASO:** As participacións sociais da Clase Forestal, terán dereito ao nomeamento de \_\_\_ membros do Consello de Administración. As participacións sociais da Clase Xeral, terán dereito ao nomeamento de \_\_\_ membros do Consello de Administración.

#### *Artigo 25º.- Administradores suplentes*

Poderán ser nomeados suplentes dos administradores/as para o caso de que cesen por calquera causa un ou varios deles.

#### *Artigo 26º.- Duración*

Os membros do Órgano de Administración, ostentarán o seu cargo por un período de \_\_ anos, podendo ser reelixidos unha ou máis veces por períodos de igual duración.

Sen prexuízo do anterior, poderán ser cesados en calquera momento, por acordo da Xunta Xeral, co voto favorable de máis da metade dos votos correspondentes ás participacións en que se divide o capital social.

#### *Artigo 27º.- Gratuidade do cargo*

O exercicio do cargo de membro do Órgano de Administración, será con carácter gratuíto.

A Xunta Xeral poderá fixar dietas e/ou compensacións por gastos de asistencia a reunións e outros en que incorran os administradores/as.

#### *Artigo 28º.- Incompatibilidades*

Non poderán ser administradores/as os que se achen incurso en causa legal de incapacidade ou incompatibilidade, especialmente as determinadas no artigo 213 do TRLSC, así como na Lei 5/2006, do 10 de abril.

#### *Artigo 29º.- Prohibición de competencia. Prestación de servizos*

Os administradores/as non poderán dedicarse, por conta propia ou allea, ao mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade

que constituía o obxecto social, salvo autorización expresa da sociedade, mediante acordo da Xunta Xeral, alcanzado coa maioría cualificada establecida no artigo 14 destes estatutos.

O establecemento ou a modificación de calquera clase de relacións de prestación de servizos ou de obra entre a sociedade e un ou varios dos seus administradores/as requirirán acordo da Xunta Xeral.

#### *Artigo 30º.- Facultades do Órgano de Administración*

O Órgano de Administración poderá facer e levar a cabo canto estea comprendido dentro do obxecto social, así como exercitar cantas facultades non estean expresamente reservadas polo TRLSC ou por estes estatutos á Xunta Xeral. A modo meramente enunciativo, e sen que a enumeración poida considerarse como limitativa, corresponden ao Órgano de Administración as seguintes facultades e todo canto con elas estea relacionado, amplamente e sen limitación algunha:

- Comprar, dispoñer, allear, gravar toda clase de bens, mobles e inmobles, e constituír, aceptar, modificar e extinguir toda clase de dereitos persoais e reais, incluso hipotecas.
- Outorgar toda clase de actos, contratos ou negocios xurídicos, cos pactos, cláusulas e condicións que estimen oportuno establecer; transixir e pactar arbitrxes; tomar parte en concursos e poxas, facer propostas e aceptar adxudicacións. Adquirir, gravar e allear por calquera título e, en xeral, realizar calquera operación sobre accións, participacións, obrigas ou outros títulos valores, así como realizar actos dos que resulte a participación noutras sociedades, ben concorrendo á súa constitución ou subscribindo accións ou participacións en aumentos de capital ou outras emisións de títulos valores.
- Administrar bens mobles e inmobles; facer declaracións de edificación e plantación, deslinde, amolloamento, divisións materiais, modificacións hipotecarias, concertar, modificar e extinguir arrendamentos, e calquera outras sesións de uso e desfrute.
- Xirar, aceptar, endosar, intervir e protestar letras de cambio e outros documentos de xiro.
- Tomar diñeiro a préstamo ou crédito, recoñecer débedas e créditos.
- Dispoñer, seguir, abrir e cancelar contas e depósitos de calquera tipo en calquera clase de entidade de crédito e aforro, bancos, incluso o de España e demais bancos, institutos e organismos oficiais, facendo todo canto a lexislación e práctica bancarias permitan.



- Outorgar contratos de traballo, de transporte e traspaso de locais de negocio; retirar e remitir xéneros, envíos e xiros.
- Comparecer ante toda clase de xulgados e tribunais de calquera xurisdición, e ante toda clase de organismos públicos, en calquera concepto, e en toda clase de xuízos e procedementos; interpoñer recursos, incluso de casación, revisión ou nulidade, ratificar escritos e desistir das actuacións, xa directamente ou por medio de avogados e procuradores aos que poderán conferir os oportunos poderes.
- Dirixir a organización comercial da Sociedade e os seus negocios, nomeando e separando empregados e representantes.
- Outorgar e asinar toda clase de documentos públicos e privados; retirar e cobrar calquera cantidade ou fondos de calquera organismo público ou privado, asinando para o efecto cartas de pagamento, recibos, facturas e libramentos.
- Conceder, modificar e revogar toda clase de apoderamentos.
- Avalar e afianzar a terceiras persoas tanto físicas como xurídicas.

## **CAPÍTULO IV**

### **Réxime de regulación da superficie forestal**

#### *Artigo 31º.- Réxime de obras, melloras e servidumes*

Para o exercicio do seu obxecto social, é requisito que a Sociedade dispoña dun Instrumento de Planificación da Xestión Forestal, entendéndose baixo esta denominación, os proxectos de ordenación de montes, plans dasocráticos, planes técnicos ou outras figuras equivalentes. Como consecuencia da execución do mesmo, podería xurdir a necesidade de realizar obras, melloras ou servidumes sobre os terreos de natureza forestal, propiedade das persoas socias, pero cuxo uso cedesen á Sociedade. A este respecto, no caso de que a persoa socia cedente do dereito de uso teña titularidade suficiente para autorizar a modificación, non poderá opoñerse á realización da obra ou mellora ou á constitución da servidume.

As persoas socias cuxa propiedade forestal se vexa afectada pola realización de ditas obras, melloras ou servidumes, e que como consecuencia delas se vexa afectado negativamente o valor razoable, terán dereito a percibir da Sociedade unha indemnización ao respecto. A súa contía será determinada en función de \_\_\_Por exemplo: Valoración do Enxeñeiro de Montes independente da

sociedade\_\_\_\_, e será pagada nun prazo de \_\_\_\_\_, a contar desde o inicio da actuación sobre as parcelas da súa propiedade.

*Artigo 32º.- Da garantía sobre a superficie forestal cedida en explotación*

As persoas socias que baixo calquera modalidade xurídica cedesen o uso e explotación de parcelas forestais á Sociedade, non poderán transmitir a súa propiedade, salvo que se garante que a Sociedade poderá seguir desfrutando de ditos dereitos de uso, ata o fin del prazo establecido.

## **CAPÍTULO V**

### **Separación e exclusión de socios/as**

*Artigo 33º.- Separación*

As persoas socias que non tivesen votado a favor do correspondente acordo social, terán dereito a separarse da sociedade nos seguintes casos:

- a) Substitución do obxecto social.
- b) Traslado do domicilio social ao estranxeiro, cando exista un Convenio Internacional vixente en España que o permita con mantemento da mesma personalidade xurídica da sociedade.
- c) Modificacións do réxime de transmisións das participacións sociais.
- d) Reactividade da sociedade.
- e) Transformación en sociedade anónima, sociedade civil, cooperativa, colectiva ou comanditaria, simple ou por accións, así como en agrupación de interese económico.
- f) Creación, modificación ou extinción anticipada das prestacións accesorias establecidas no artigo 7º dos estatutos sociais, só no caso de que estas estean vinculadas a participacións sociais da súa propiedade.

O dereito de separación poderá exercitarse en tanto no transcorra un mes contado desde a publicación do acordo ou desde a recepción da comunicación, na forma prevista no artigo 348 e seguintes do TRLSC.

Así mesmo, as persoas socias terán dereito voluntario a separarse da sociedade, por acaecemento das seguintes causas:

- a) \_\_\_\_\_, causa que se acreditará do seguinte modo:  
\_\_\_\_\_.

No suposto da causa de separación prevista parágrafo precedente, a persoa socia que desexa exercer o dereito de separación, comunicará dito feito ao Órgano de Administración, presentando a documentación acreditativa nun prazo non superior a \_\_\_\_ meses, desde o seu acaecemento.

Tamén asistirá o dereito de separación ao socio/a persoalmente obrigado/a a realizar prestacións accesorias, a quen a Sociedade lle denegara a autorización para transmitir as súas participacións sociais, sempre que exercite este dereito dentro do prazo dun mes a contar da data en que lle tivera sido notificada a denegación da autorización. En tal caso e de modo fidedigno, a persoa socia deberá comunicar á Sociedade que exercita tal dereito dentro do prazo indicado e terá dereito a recuperar o valor razoable das participacións sociais.

#### *Artigo 34º.- Exclusión*

A sociedade poderá excluír ao socio/a nos seguintes supostos:

- a) Polo incumprimento da obriga de realización das prestacións accesorias establecidas no artigo 7º dos presentes Estatutos, aínda cando o mesmo sexa por imprudencia da persoa socia.
- b) Por infrinxir, sendo membro do Órgano de Administración, a prohibición de competencia.
- c) Por ter sido condenado, na súa condición de membro do Órgano de Administración, por sentenza firme a indemnizar á sociedade os danos e prexuízos causados por actos contrarios ó TRLSC ou aos estatutos ou realizados sen a debida dilixencia..
- d) Por incumprimento da obriga exposta no artigo 31 destes estatutos, de aceptar o réxime de obras, melloras e servidumes que poidan afectar ás parcelas forestais cuxo uso cedese á Sociedade, e sexan consecuencia do seu plan de explotación forestal comunitario.
- e) Por encontrarse a persoa socia en causa de concurso de acredores ou execución do seu patrimonio.
- f) \_\_\_\_\_.

Apreciada a posible concorrencia dunha causa de exclusión, o Órgano de Administración poñerá en coñecemento da persoa socia afectada, con obxecto de que poidan realizar as alegacións que estime convenientes, no prazo dun mes a partir da citada comunicación.

Á vista das citadas alegacións, o Órgano de Administración, decidirá se se segue apreciando causa de exclusión, e en caso afirmativo, procederá á convocatoria de Xunta Xeral, nun prazo non superior a tres meses desde a comunicación inicial a persoa socia afectada, con inclusión de dito aspecto na orde do día. Tamén someterá á Xunta a decisión ao respecto de se no caso de prosperar a exclusión, as participacións sociais da persoa socia excluída, son amortizadas mediante redución de capital, ou se polo contrario son adquiridas pola propia Sociedade, conforme ao previsto no artigo 140 do TRLSC.

A exclusión requirirá, en todo caso, acordo da Xunta Xeral. Na acta da reunión farase constar a identidade dos socios/as que votaron a favor do acordo.

Salvo no caso de condena da persoa socia administradora a indemnizar á sociedade nos termos do artigo 350 do TRLSC, a exclusión dun socio/a con participación igual ou superior ao vinte e cinco por cento no capital social requirirá, ademais do acordo da Xunta Xeral, resolución xudicial firme, sempre que a persoa socia non sexa conforme coa exclusión acordada. Calquera socio/a que votara a favor do acordo estará lexitimado para exercitar a acción de exclusión en nome da sociedade, cando esta non o fixera no prazo dun mes a contar desde a data de adopción do acordo de exclusión.

#### *Artigo 35º.- Valoración das participacións sociais*

As participacións sociais correspondentes a persoa socia separada e/ou excluída, serán reembolsadas a esta polo seu valor razoable.

O método obxectivo de valoración a aplicar para determinar o valor razoable das participacións sociais, consistirá en: \_\_\_\_ Por exemplo: a aplicación do método de cálculo do “valor en uso”, tal e como ven definido polo Plan Xeral de Contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro. O devandito cálculo será realizado por: \_\_\_\_\_.

Se pese ao indicado no parágrafo anterior, non se alcanzase un acordo entre a persoa socia e a Sociedade, sobre o valor razoable das participacións sociais ou sobre a persoa ou persoas que deban valoralas e o procedemento a seguir para a súa valoración, procederase conforme ao disposto polo artigo 353 do TRLSC.

## CAPÍTULO VI

### Exercicio social e contas Anuais

#### *Artigo 36º.- Exercicio social*

O exercicio social comezará o día 1 de xaneiro e rematará o 31 de decembro de cada ano. Por excepción, o primeiro exercicio iniciárase o día do asinamento da escritura de constitución e concluirá o día 31 de decembro dese ano.

#### *Artigo 37º.- Contas anuais*

O Órgano de Administración deberá formular, no prazo máximo de tres meses, contados a partir do peche do exercicio social, as contas anuais, o informe de xestión cando estivera obrigado e a proposta de aplicación do resultado. As contas anuais e, no seu caso, o informe de xestión deberán ser asinados por todos os administradores/as. Se faltase a sinatura de algún deles sinalarase en cada un dos documentos en que falte, con expresa indicación da causa.

#### *Artigo 38º.- Dereito de información dos socios/as*

A partir da convocatoria da Xunta Xeral, calquera socio/a poderá obter da Sociedade, de forma inmediata e gratuíta, os documentos que deban ser sometidos á súa aprobación, así como o informe de xestión e, no seu caso, o informe dos auditores de contas. Na convocatoria farase mención deste dereito.

Durante o mesmo prazo, a persoa ou persoas socias que representen polo menos o 25% do capital, poderán examinar no domicilio social, por si ou en unión de experto contable, a contabilidade e os documentos que sirvan de soporte e de antecedente das contas anuais.

#### *Artigo 39º.- Aplicación de resultados*

En caso de obtención de resultados positivos no exercicio anual, unha vez cuberta a dotación para reserva legal, compensación de perdas e demais atencións legalmente establecidas, destinarase á distribución de dividendos unha porcentaxe mínima do \_\_% do resultado restante.

A distribución de dividendos ás persoas socias, realizarase en proporción as súas respectivas participacións sociais. **OU NO SEU**

**CASO:** A distribución de dividendos ás persoas socias, excepto para os casos expostos no artigo 6º destes estatutos sociais, realizarase en proporción as súas respectivas participacións sociais.

## **CAPÍTULO VII**

### **Disolución e liquidación da Sociedade**

#### *Artigo 40º.- Causas de disolución da Sociedade*

A Sociedade disolverase por acordo das persoas socias ou por calquera das demais causas que establece o TRLSC.

Ademais do exposto no parágrafo anterior, establécese como causa de disolución obrigatoria a perda da cualificación de «Sociedade de Fomento Forestal» que obtivera a Sociedade ao abeiro do disposto polo Decreto 45/2011, do 10 de marzo (DOG nº 58, do 23 de marzo de 2011). Neste suposto, os administradores/as deberán convocar a Xunta Xeral no prazo de dous meses para que adopte o acordo de disolución. Se a Xunta Xeral no fose convocada ou no adoptara o acordo de disolución, calquera socio/a ou persoa interesada poderá instar a disolución da Sociedade ante o Xuíz de Primeira Instancia do domicilio social.

#### *Artigo 41º.- Órgano de liquidación*

A disolución da sociedade abre o período de liquidación.

No momento de adopción pola Xunta Xeral do acordo de liquidación, esta procederá de común acordo coa Dirección Xeral competente en materia de montes, ao nomeamento de liquidadores.

O poder de representación da sociedade corresponderá aos liquidadores, na mesma forma prevista para o órgano de administración.

#### *Artigo 42º.- Operacións de liquidación*

Unha vez satisfeitos todos os acredores ou consignado o importe dos seus créditos nunha entidade de crédito do termo municipal en que radique o domicilio social, o activo resultante repartirase entre os socios/as en proporción á súa participación no capital social.

No caso de que por parte dalgunha persoa socia se tiveran realizado achegas non en diñeiro ao capital social, representadas por terreos forestais ou cesión de dereitos de uso sobre estes, establececese o dereito por parte de ditas persoas, a que a cota resultante da liquidación lles sexa satisfeita, no primeiro caso, mediante a restitución das achegas non en diñeiro realizadas se subsistisen no patrimonio social, que serán apreciadas no seu valor real ao tempo de aprobarse o proxecto de división entre os socios/as do activo resultante. Neste caso, os liquidadores deberán allear primeiro os demais bens sociais e se, unha vez satisfeitos os acredores, o activo resultante fose insuficiente para satisfacer a todos os socios/as a súa cota de liquidación, as persoas socias con dereito a percibila en especie deberán pagar previamente en diñeiro aos demais socios/as a diferenza que corresponda.

## **CAPÍTULO VIII**

### **Da mediación e a Arbitraxe**

#### *Artigo 43º.- Mediación e arbitraxe*

Todas as cuestións que xurdan na interpretación e aplicación dos estatutos, discrepancias, reclamacións e controversias nas relacións entre a Sociedade e as persoas socias, e entre estas pola súa condición de tales, incluídas as relativas á separación, exclusión e determinación da cota de liquidación, resolveranse, en primeiro lugar, por acordo entre os correspondentes partícipes.

No caso de que ditos partícipes non sexan capaces de chegar a un acordo para resolver as súas discrepancias, someteranse necesariamente a unha arbitraxe de equidade, conforme ao que regula a lexislación vixente, xulgando un árbitro nomeado polas partes e no seu defecto, polo presidente da Cámara de Comercio que corresponda ao domicilio social. **OU NO SEU CASO:** pola Dirección Xeral competente en materia de montes.

O laudo de dita arbitraxe será vinculante, e executable ante calquera Tribunal de Xustiza que teña xurisdición para iso.